

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO**

RESOLUCIÓN do 27 de setembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a adquisición de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

No *Boletín Oficial del Estado* núm. 61, do 10 de marzo de 2018, publicouse o Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021, o cal prevé un programa de axudas dirixido a facilitar ás persoas mozas o acceso a unha vivenda en réxime de propiedade localizada nun municipio de pequeno tamaño, mediante a concesión dunha subvención directa para a súa adquisición.

O artigo 5 da citada norma atribúelles aos órganos competentes das comunidades autónomas a tramitación e resolución dos procedementos de concesión e pagamento das axudas dos distintos programas do plan, unha vez que se teña recoñecido o dereito das persoas beneficiarias a obtelas, dentro das condicións e límites establecidos no real decreto.

A Comunidade Autónoma de Galicia, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, nunha aposta decidida por afrontar a problemática da perda de habitantes no medio rural, aproba esta resolución, co obxectivo de impulsar a adquisición de vivendas por persoas mozas en municipios de menos de cinco mil habitantes.

Esta resolución axústase ao disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De conformidade con todo o anterior, no exercicio das facultades que me confire o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo,

RESOLVO:

I. Disposicións xerais

Primeiro. *Obxecto*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras que rexerán a concesión das axudas para a adquisición de vivenda previstas no Real decreto 106/2018, do 9 de mar-



zo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021 (en diante, Plan 2018-2021), que se tramitarán co código do procedemento VI435A.

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse estas axudas para a anualidade 2018.

3. A concesión das subvencións recollidas nesta resolución tramitarase polo procedemento de concorrencia non competitiva, de acordo co sinalado no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo. *Definicións*

Para os efectos da aplicación desta resolución, os termos incluídos neste ordinal interpretaranse co significado e alcance seguintes:

a) Unidade de convivencia da persoa beneficiaria da axuda: o conxunto de persoas que habitan e gozan coa persoa beneficiaria dunha vivenda de forma habitual e permanente, así como con vocación de estabilidade, con independencia da relación existente entre todas elas.

b) Residencia habitual e permanente da persoa beneficiaria e do resto das persoas integrantes da súa unidade de convivencia: o domicilio en que constan empadroados todos eles.

c) Persoa menor de 35 anos: aquela que na data de presentación da solicitude non teña cumprido os 35 anos.

d) Persoa con discapacidade: interpretarase de conformidade co Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

e) Familia numerosa: interpretarase de conformidade co artigo 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, desenvolvida polo Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro.

f) Indicador público de renda de efectos múltiples (en diante, IPREM): é o indicador definido no Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do



salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía; considérase unidade de medida para a determinación da contía dos ingresos familiares, no seu cómputo anual, incluíndo dúas pagas extras.

Para os efectos destas axudas tomarase en consideración o IPREM do ano que se especifique na correspondente convocatoria.

Terceiro. *Recursos contra a presente resolución*

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan presentar calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS) no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (en adiante, DOG), segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

II. Bases reguladoras

Cuarto. *Requisitos das persoas beneficiarias*

1. Poderán beneficiarse destas axudas as persoas físicas maiores de idade que, tendo menos de trinta e cinco anos na data de presentación da correspondente solicitude, reúnan os seguintes requisitos:

a) Posuír a nacionalidade española ou, no caso de ser estranxeiras, ter a residencia legal en España.

b) Que os ingresos anuais das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia sexan iguais ou inferiores a tres veces o IPREM.



Este límite será de catro veces o IPREM se se trata dunha familia numerosa de categoría xeral ou dentro da súa composición existan persoas cunha discapacidade distinta das sinaladas a continuación. O referido límite será de cinco veces o IPREM cando sexa unha familia numerosa de categoría especial ou na súa composición existan persoas con algunha das seguintes discapacidades:

i) Parálise cerebral, enfermidade mental, discapacidade intelectual ou discapacidade do desenvolvemento, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.

ii) Discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.

c) Ter subscrito na data sinalada na correspondente convocatoria ou estar en condicións de subscribir un contrato de adquisición dunha vivenda que reúna os seguintes requisitos:

– Que a vivenda estea localizada nun concello pertencente ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia de menos de 5.000 habitantes. Para estes efectos, tomaranse como referencia as últimas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes publicadas polo Instituto Galego de Estatística na data da correspondente convocatoria.

– Que o prezo de adquisición da vivenda, incluídos os seus anexos, sen os gastos e tributos inherentes a ela, sexa igual ou inferior a cen mil euros.

– Que se trate dunha vivenda xa construída. Para estes efectos, admitiranse tanto as vivendas novas como as usadas.

d) Que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia estean empadroadas na vivenda adquirida no momento de presentación da correspondente solicitude, para o caso de que a adquisición fora realizada con anterioridade á data da publicación da correspondente convocatoria.

e) Que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia se atopen ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non teñan pendente ningunha outra débeda, por ningún outro concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

f) Que nin a persoa solicitante nin as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia estean incursoas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003,



do 17 de decembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como que non se lles teña revogado, ou fosen obxecto dunha resolución de reintegro dunha axuda prevista neste ou no anterior plan estatal de vivenda, por incumprimento ou causa imputable a aquelas.

g) Que nin a persoa solicitante nin calquera das persoas integrantes da súa unidade de convivencia sexan propietarias ou usufrutuarías dalgunha vivenda en territorio español. Para estes efectos, non se considerará que se posúe a propiedade ou o usufruto dunha vivenda se o dereito recae unicamente sobre unha parte alícuota desta e foi obtido por transmisión *mortis causa*. Exceptuaranse deste requisito aquelas persoas que, sendo titulares dunha vivenda, acrediten non ter a súa dispoñibilidade por causa de separación ou divorcio, non poidan habitala por calquera outra causa allea á súa vontade ou que a vivenda resulte inaccesible por razón de discapacidade da persoa solicitante ou de calquera membro da súa unidade de convivencia.

2. No suposto de adquisición da propiedade da vivenda por máis dunha persoa, cada unha das persoas propietarias deberá cumprir os requisitos sinalados no parágrafo anterior para poder ser beneficiaria da axuda.

Quinto. *Contía das axudas*

1. A contía da axuda para a adquisición será de ata dez mil oitocentos euros por vivenda, co límite do 20 % do prezo de venda, sen incluír os gastos e tributos inherentes a esa adquisición.

2. No suposto de adquisición da propiedade da vivenda por máis dunha persoa propietaria, o importe da axuda que puidese recibir un/unha beneficiario/a que adquira unha parte dela determinarase aplicando ao importe da axuda que correspondería da adquisición do 100 % da vivenda a porcentaxe de cota adquirida.

Sexto. *Cómputo dos ingresos para acceder ás axudas*

Para a determinación dos ingresos da unidade de convivencia da persoa adquirente partírase da contía da base imponible xeral e do aforro, reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas (en diante, IRPF), correspondente á declaración ou declaracións presentadas pola persoa solicitante e por cada unha das persoas integrantes da unidade de convivencia, relativa ao período impositivo que se determine na correspondente convocatoria.



Sétimo. Solicitudes

1. A solicitude realizarase mediante a presentación do modelo que se incorpora como anexo I a esta resolución, debidamente cuberto. Deberá dirixirse ao IGVS. Nos supostos de adquisición da propiedade da vivenda por máis dunha persoa, cada copropietario/a interesado/a na concesión destas axudas deberá presentar a súa correspondente solicitude.

2. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Tamén se poderán presentar presencialmente por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. No modelo de solicitude a persoa solicitante deberá realizar as seguintes declaracións:

a) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia solicitou ou obtivo ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de ter solicitado ou obtido algunha outra axuda, deberá indicar cales e a súa contía.

b) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida á persoa solicitante ou a calquera das persoas integrantes da súa unidade de convivencia, para a mesma finalidade.

c) Compromiso de que a vivenda vai constituír a súa residencia habitual e permanente por un prazo de, polo menos, cinco anos, contados desde a data da formalización da escritura pública de compravenda.

d) Compromiso de ocupar a vivenda no prazo máximo de tres meses, contados desde a súa adquisición.

e) Declaración responsable de que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de



subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

f) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

g) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia está incurso nas causas de inhabilitación para a obtención de axudas previstas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Declaración responsable de que nin á persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia se lle teña revogada ou fose obxecto dunha resolución de reintegro dunha axuda, deste ou dun plan de vivenda anterior, por causa imputable a algunha das persoas integrantes da súa unidade de convivencia.

i) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia é propietaria e/ou usufrutuaria dunha vivenda situada no territorio español, agás os supostos exceptuados no ordinal 4.1.g).

j) Declaración responsable de que todos os datos da solicitude son certos.

Oitavo. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. Coa solicitude deberase achegar a seguinte documentación:

a) De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>.

b) Anexo II, de declaración responsable de composición da unidade de convivencia da persoa solicitante e comprobación de datos.

No caso de que unha unidade de convivencia estea composta por máis dunha unidade familiar, deberase cubrir un modelo de anexo II por cada unha delas.



c) Anexo III, de declaración responsable da persoa solicitante e das persoas integrantes da súa unidade de convivencia, no caso de non estar obrigados a presentar a declaración do IRPF, acompañado da seguinte documentación:

– Certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas cales estivese de alta no devandito exercicio.

– Certificado de pensións ou prestacións periódicas, emitido polo correspondente organismo oficial, no caso de non ser outorgadas polo Instituto Nacional da Seguridade Social (en adiante, INSS).

– Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario.

d) No caso de unidades de convivencia que contén con algún membro con discapacidade, o correspondente certificado de discapacidade, no suposto de tratarse dun documento non expedido pola Xunta de Galicia.

e) No caso de que a persoa solicitante ou calquera das persoas integrantes da súa unidade de convivencia sexan propietarias ou usufrutuarías dalgúnha vivenda en territorio español e non poidan dispoñer dela:

– Convenio regulador de separación ou divorcio ou sentenza que acredite a dita circunstancia, de ser o caso.

– De ser o caso, documentación que acredite que a persoa solicitante e a súa unidade de convivencia no poden habitar a vivenda familiar por calquera outra causa allea á súa vontade.

– Informe técnico que xustifique a inaccesibilidade da vivenda por razón da discapacidade da persoa titular e/ou dalgún membro da súa unidade de convivencia, de ser o caso.

f) Escritura pública ou contrato privado de adquisición da vivenda, no caso de que a antedita adquisición fora realizada con anterioridade á data da publicación da correspondente convocatoria e esta prevea o outorgamento das axudas para estes supostos.

2. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente, sempre que non se modificasen as súas circunstancias. Para estes efectos, a persoa



interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

3. No suposto de que exista a imposibilidade material de obter o documento, o IGVS poderá requirirle á persoa solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a súa acreditación por outros medios dos contidos a que se refire o documento.

Noveno. *Forma de presentación da documentación complementaria*

1. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. Tamén se poderá presentar en formato papel, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. Para o caso de que se realice a presentación de documentos separadamente da solitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solitude e o número de expediente, se dispón del.

3. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais, sempre que exista constancia de que sexan auténticas. Excepcionalmente, o IGVS poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o seu cotexo coa copia electrónica presentada.

4. No caso de que os documentos que se presenten superen os tamaños máximos establecidos na sede electrónica ou teñan un formato non admitido, deberán seguirse para a súa presentación as instrucións da sede electrónica da Xunta de Galicia sinaladas no seguinte enderezo: <https://sede.xunta.gal/axuda/como-podo>.

Décimo. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Documento nacional de identidade (en diante, DNI) ou, de ser o caso, número de identidade de estranxeiro (en diante, NIE) da persoa solicitante e, de ser o caso, da súa persoa representante, así como das persoas que integran a súa unidade de convivencia.



b) Permiso de residencia legal da persoa solicitante e das persoas que integran a súa unidade de convivencia, cando sexan estranxeiras, de ser o caso.

c) Certificado de empadramento da persoa solicitante, así como das persoas que integran a súa unidade de convivencia.

d) Certificado da renda expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (en diante, AEAT), da persoa solicitante e das persoas que integran a súa unidade de convivencia, correspondente aos datos fiscais que se establezan en cada convocatoria.

e) Certificado do nivel de renda expedido pola AEAT, da persoa solicitante e das persoas que integran a súa unidade de convivencia, correspondente aos datos fiscais que se establezan en cada convocatoria.

f) Certificacións da AEAT, da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, correspondentes á persoa solicitante e ás persoas que integran a unidade de convivencia.

g) Certificación de titularidade de bens inmobles da Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Facenda, onde conste que nin a persoa solicitante nin ningunha das persoas integrantes da súa unidade de convivencia teñen en propiedade e/ou en usufruto outra vivenda en territorio español.

h) Título de familia numerosa, no caso de que a persoa solicitante ou calquera das persoas que integran a súa unidade de convivencia faga constar na solicitude que lle é de aplicación esta circunstancia.

i) Certificado acreditativo da discapacidade, no caso de que a persoa solicitante e/ou calquera das persoas integrantes da súa unidade de convivencia faga constar na solicitude que lle é de aplicación esta circunstancia e o documento deba ser expedido pola Xunta de Galicia. No caso de que deba ser expedido por outra Administración pública, deberá achegarse a correspondente documentación.

j) Consulta das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, incapacidade temporal e maternidade do INSS, da persoa solicitante así como das persoas que integran a súa unidade de convivencia.



k) Certificado das percepcións da renda de integración social de Galicia da consellería competente en materia de política social, da persoa solicitante así como das persoas que integran a súa unidade de convivencia.

l) Certificado dos importes das prestacións de desemprego percibidos pola persoa solicitante, así como polas persoas que integran a súa unidade de convivencia, no caso de que fagan constar na solicitude que lles é de aplicación esta circunstancia.

Décimo primeiro. *Órganos competentes para instruír e resolver o procedemento*

1. A instrución do procedemento é competencia da Dirección Técnica de Fomento do IGVS.

2. Correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS resolver sobre a concesión das axudas.

Décimo segundo. *Procedemento de concesión e requirimentos de emenda*

1. O procedemento iniciarase de oficio, en réxime de concorrencia non competitiva, mediante a publicación da correspondente convocatoria.

2. O prazo de presentación de solicitudes será o establecido na correspondente convocatoria.

3. Se a solicitude presentada non reunise os requisitos exixidos, requirirase a persoa solicitante para que no prazo de dez días hábiles a emende ou achegue os documentos preceptivos, advertíndoa que, no caso de non atender o requirimento, se considerará que desiste da súa petición, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. De conformidade co establecido nos artigos 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os requirimentos de emenda poderanse facer mediante publicación no DOG e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web do IGVS.

5. Unha vez completado o expediente e feitas as comprobacións oportunas, a persoa titular da Dirección Técnica de Fomento do IGVS elevará a proposta de resolución de cada expediente á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS quen, á vista delas e tendo en conta o límite orzamentario establecido para cada convocatoria, resolverá o que en dereito proceda.



Décimo terceiro. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada. Opcionalmente, tamén se poderán tramitar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo cuarto. *Resolución e recursos*

1. A resolución estimará, desestimaré ou declarará a inadmisión da axuda solicitada.

2. A resolución estimatoria recollerá a obriga da/das persoa/s beneficiaria/s de achegar, no prazo que se determine na resolución de convocatoria, a escritura pública de compra-venda que acredite a adquisición dunha vivenda que reúna os requisitos establecidos no ordinal 4.1.c) desta resolución.

3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do procedemento será de tres meses, contados desde a data de presentación da solicitude. Transcorrido este prazo sen que se dite e notifique a resolución expresa, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

4. Contra a resolución ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS poderase interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS. O prazo de interposición deste recurso será dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Décimo quinto. *Modificación da resolución*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención ou, de ser o caso, a obtención concorrente doutras subvencións e axudas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da subvención.

Décimo sexto. *Causas de denegación*

1. Será causa de denegación da solicitude da subvención o incumprimento dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

2. Tamén serán denegadas aquelas solicitudes que non dispoñan de cobertura orzamentaria no momento da súa resolución. Para estes efectos, terase en conta a resolución



cronolóxica de entrada das solicitudes no rexistro do IGVS. Para tal fin, considerarase data de presentación aquela en que a solicitude estea validamente cuberta e acompañada da totalidade dos documentos exixidos nas bases reguladoras e na correspondente convocatoria.

Décimo sétimo. *Xustificación e pagamento da subvención*

1. As persoas beneficiarias deberán xustificar a subvención mediante a achega da escritura pública de compravenda que acredite a adquisición da vivenda nos termos establecidos na resolución de concesión.

2. Para o pagamento da subvención será necesario que a persoa beneficiaria achegue a escritura pública de compravenda en que conste a axuda como parte do pagamento. Así mesmo, a escritura pública deberá incluír unha cláusula en que se recolla a obriga da/das persoa/s beneficiaria/s de destinar a vivenda adquirida a residencia habitual e permanente por un prazo de, polo menos, cinco anos, contado desde a data da formalización da súa adquisición en escritura pública ou un prazo inferior cando sobreveñan cambios de domicilio por razóns laborais ou cando se allee a vivenda reinvestindo o total do importe obtido co alleamento na adquisición doutra vivenda habitual e permanente que se adecúe ás novas circunstancias familiares da persoa beneficiaria.

Nos casos en que a escritura pública de adquisición fose anterior á data da publicación da convocatoria destas axudas, non se exixirá o sinalado no parágrafo anterior.

3. A subvención pagarase á/ás persoa/s beneficiaria/s mediante transferencia bancaria no número de conta sinalado para estes efectos no anexo I, sen prexuízo do establecido no ordinal décimo oitavo respecto da cesión do dereito de cobramento da subvención.

Décimo oitavo. *Cesión do dereito de cobramento da subvención*

1. A persoa beneficiaria poderá ceder á persoa vendedora da vivenda o seu dereito de cobramento da totalidade do importe da subvención concedida, debendo presentar, para tal efecto, nos termos previstos para a presentación da documentación complementaria, a seguinte documentación:

– Comunicación da cesión do dereito de cobramento, segundo o modelo que figura como anexo IV desta resolución.

– Documento polo que se formalizou a cesión.



2. Nas cesións do dereito de cobramento consultaranse os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas referidos á persoa ou entidade vendedora:

a) DNI, NIE ou NIF da persoa ou entidade vendedora e, de ser o caso, da súa persoa representante.

b) Certificacións da AEAT, da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, correspondentes á persoa vendedora.

3. A cesión do dereito de cobramento non afectará as facultades do IGVS respecto da persoa beneficiaria sobre a revogación, modificación ou revisión da resolución de concesión e, de ser o caso, do reintegro da subvención.

Décimo noveno. *Obrigas das persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias, ademais das recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, terán as seguintes obrigas:

1. Destinar a vivenda adquirida a residencia habitual e permanente por un prazo de, polo menos, cinco anos contados desde a data da formalización da súa adquisición en escritura pública. Para estes efectos, as persoas beneficiarias e os restantes membros da súa unidade de convivencia deberán estar empadroados na vivenda desde a citada data. Ese prazo poderá ser inferior cando sobreveñan cambios de domicilio por razóns laborais ou cando se allee a vivenda reinvestindo o total do importe obtido co alleamento na adquisición doutra vivenda habitual e permanente que se adecúe ás novas circunstancias familiares da persoa beneficiaria. Nestes casos, será necesario comunicarlle ao IGVS estas circunstancias no prazo máximo de dous meses, podendo o IGVS requirirlle a documentación que precise para os efectos de realizar as comprobacións oportunas.

No suposto de vivendas adquiridas con anterioridade á data da publicación da correspondente convocatoria, o empadramento nelas deberá ser realizado, polo menos, desde a data de presentación da correspondente solicitude.



2. Ocupar a vivenda no prazo máximo de tres meses, contados desde a súa adquisición.

3. Subministrar ao IGVS, logo do requirimento para o efecto, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.

4. Permitirlle ao IGVS a realización das inspeccións e/ou as comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados e/ou o destino da subvención concedida.

5. Estar ao día das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento en que se aboe a subvención.

6. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

7. As demais obrigas que se derivan desta resolución.

Vixésimo. *Perda e reintegro da subvención*

1. Poderán ser causa de perda e posterior reintegro da subvención, ademais dos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os seguintes:

a) O incumprimento das obrigas recollidas no ordinal anterior.

b) A falta de xustificación da subvención e/ou a adquisición dunha vivenda que non reúna os requisitos exixidos polo ordinal 4.1.

c) A falta de comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación das circunstancias determinantes do recoñecemento da subvención.

2. O incumprimento ou a falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención comportará, ademais das sancións que poidan corresponder, o reintegro da subvención percibida, incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento, máis o 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 xuño, salvo que a Lei de orzamentos xerais do Estado estableza outro diferente.



3. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e, de ser o caso, para facer efectiva a devolución, será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 xuño.

Vixésimo primeiro. *Compatibilidade e incompatibilidade*

1. De conformidade co establecido no artigo 59 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, estas axudas serán compatibles con calquera outra axuda para o mesmo obxecto que outorgue outra institución pública ou privada.

2. En ningún caso o importe da subvención concedida en virtude desta resolución poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade por calquera Administración ou ente público ou privado, supere o custo da actividade subvencionada.

Vixésimo segundo. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaránse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaránse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel).

4. As notificacións por medios electrónicos entenderánse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde á posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Vixésimo terceiro. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o IGVS publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se puideren impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no DOG.

III. Convocatoria

Vixésimo cuarto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG rematando, en todo caso, no momento do esgotamento do crédito orzamentario, o que será publicado no DOG mediante resolución ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Vixésimo quinto. *Crédito orzamentario*

1. As axudas previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 08.80.451B.780.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018, por un importe total de 200.000 euros e financiaranse con fondos propios da comunidade autónoma.

2. A contía establecida nesta convocatoria poderá ser obxecto de ampliación por resolución ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, que terá efecto logo da



súa publicación no DOG, de conformidade co establecido no artigo 30 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Vixésimo sexto. *Vivendas adquiridas a partir do 1 de xaneiro de 2018*

Poderán ser obxecto destas subvencións as vivendas que, reunindo os requisitos exixidos no ordinal cuarto desta resolución, fosen adquiridas con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2018.

Vixésimo sétimo. *Prazo para a xustificación das axudas*

As persoas beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa das subvencións concedidas antes do 30 de novembro de 2018, nos termos establecidos no ordinal décimo sétimo desta resolución.

Vixésimo oitavo. *Datos fiscais e valor do IPREM para a concesión das axudas*

Os datos fiscais que se terán en conta nesta convocatoria para a concesión das axudas corresponderán ao exercicio económico 2017. Para a valoración das solicitudes utilizarase o valor do IPREM dese mesmo ano.

Vixésimo noveno. *Información básica sobre protección de datos de carácter persoal*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-IGVS coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Trixésimo. Remisión normativa

En todo o non recollido nesta resolución aplicarase o disposto no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Trixésimo primeiro. Habilitación para o desenvolvemento

Habilítase a persoa titular da Dirección Xeral do IGVS para ditar as resolucións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta resolución, así como para adoptar os acordos, instrucións e aclaracións que sexan precisos para a xestión destas axudas.

Trixésimo segundo. Efectos

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2018

Ángeles Vázquez Mejuto
Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo





XUNTA DE GALICIA

ANEXO I

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VI435A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO DATA DE NACEMENTO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: Persoa solicitante Persoa ou entidade representante

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.

Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

NÚMERO DE PERSOAS ADQUIRENTES DA VIVENDA

A vivenda será adquirida unicamente pola persoa solicitante.

A vivenda será adquirida en réxime de copropiedade por persoas (1) e a porcentaxe de adquisición que corresponde á persoa solicitante é de % da vivenda.

(1) Deberá indicar o número de persoas adquirentes da vivenda, incluída a persoa solicitante.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO I
(continuación)

A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade para a que solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade para a que solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar calquera outra axuda, que lle sexa concedida para a persoa solicitante ou calquera das persoas integrantes da súa unidade de convivencia para a mesma finalidade.

- 2. Que a vivenda vai constituír a súa residencia habitual e permanente por un prazo de, polo menos, cinco anos, contados desde a data da formalización da escritura pública de compravenda.
- 3. Que a vivenda será ocupada no prazo máximo de tres meses, contados desde a súa adquisición.
- 4. Que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 5. Que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 6. Que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia está incurso nas causas de inhabilitación para a obtención de axudas previstas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 7. Que nin á persoa solicitante nin a ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia se lle revogou ou foi obxecto dunha resolución de reintegro dunha axuda, deste ou dun plan de vivenda anterior, por causa imputable a algunha das persoas integrantes da súa unidade de convivencia.
- 8. Que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia é propietaria ou usufrutuaria dunha vivenda situada no territorio español, agás as excepcións previstas nas bases reguladoras da subvención.
- 9. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

<input type="checkbox"/> Anexo II de declaración responsable de composición da unidade de convivencia da persoa solicitante e comprobación de datos.			
<input type="checkbox"/> Anexo III, de declaración responsable da persoa solicitante e das persoas integrantes da súa unidade de convivencia, no caso de non estar obrigados a presentar a declaración do IRPF, acompañado da seguinte documentación:			
<input type="checkbox"/> Certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas cales estivese de alta no devandito exercicio.			
<input type="checkbox"/> Certificado de pensións ou prestacións periódicas, emitido polo correspondente organismo oficial, no caso de non ser outorgadas polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS).			
<input type="checkbox"/> Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario.			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade, no suposto de tratarse dun documento non expedido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/> Convenio regulador de separación ou divorcio ou sentenza que acredite que a persoa solicitante ou calquera das persoas integrantes da súa unidade de convivencia non poden dispoñer da vivenda familiar, se for o caso, no suposto de persoas separadas ou divorciadas.			
<input type="checkbox"/> Documentación que acredite que a persoa solicitante e a súa unidade de convivencia no poden habitar a vivenda familiar por calquera outra causa allea á súa vontade, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/> Informe técnico que xustifique a inaccesibilidade da vivenda por razón da discapacidade da persoa titular e/ou dalgún membro da súa unidade de convivencia, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/> Escritura pública ou contrato privado de adquisición da vivenda, de ser o caso.			

CVE-DOG: kww31qg1-0wr3-1sy1-edm1-c5qfkskb7usu0



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO I
(continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante.	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante.	<input type="checkbox"/>
Certificado de empadramento da persoa solicitante.	<input type="checkbox"/>
Certificado da renda (IRPF).	<input type="checkbox"/>
Certificado do nivel de renda.	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia (Atriga).	<input type="checkbox"/>
Certificación de titularidade de bens inmoables da Dirección Xeral do Catastro.	<input type="checkbox"/>
MARQUE O CADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN	
<input type="checkbox"/> Título de familia numerosa.	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade.	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado das prestacións percibidas, outorgadas polo INSS.	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado das percepcións da renda de integración social de Galicia.	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Importes de prestación por desemprego.	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Permiso de residencia legal de persoas estranxeiras.	<input type="checkbox"/>

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á cal se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais
Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

LEXISLACIÓN APLICABLE


Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021.
Resolución do 27 de setembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a adquisición de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Instituto Galego da Vivenda e Solo



SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO III
**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INGRESOS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA
VI435A. SUBVENCIÓNS PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021**
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

De conformidade co previsto na Resolución do 27 de setembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a adquisición de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

- Que non realizou a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao ano por non estar obrigado/a, en aplicación da normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).
- Que os ingresos da súa unidade de convivencia, sen incluír as persoas que presentaron a correspondente declaración do IRPF, durante o citado ano foron os seguintes:

NOME E APELIDOS	NIF	INDICAR: - PERSOA SOLICITANTE OU - PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	IMPORTE ÍNTEGRO INGRESOS ANUAIS	PROCEDENCIA DOS INGRESOS (1) (prestacións, rendas do traballo, rendementos do capital mobiliario,...)	ESPECIFICAR TIPO DE PRESTACIÓN, SUBSIDIO OU PENSIÓN (Ex.: RISGA, RAI, ORFANDADE, VIUVEZ...)
				Rendas do traballo ou profesionais	
				Prestacións, subsidio ou pensións	
				Rendas do capital e alugamento	
				Rendas do traballo ou profesionais	
				Prestacións, subsidio ou pensións	
				Rendas do capital e alugamento	
				Rendas do traballo ou profesionais	
				Prestacións, subsidio ou pensións	
				Rendas do capital e alugamento	
				Rendas do traballo ou profesionais	
				Prestacións, subsidio ou pensións	
				Rendas do capital e alugamento	




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO III
(continuación)

NOME E APELIDOS	NIF	INDICAR: - PERSOA SOLICITANTE OU - PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	IMPORTE ÍNTEGRO INGRESOS ANUAIS	PROCEDENCIA DOS INGRESOS (1) (prestacións, rendas do traballo, rendementos do capital mobiliario,...)	ESPECIFICAR TIPO DE PRESTACIÓN, SUBSIDIO OU PENSIÓN (Ex.: RISGA, RAI, ORFANDADE, VIUVEZ...)
				Rendas do traballo ou profesionais	
				Prestacións, subsidio ou pensións	
				Rendas do capital e alugamento	
				Rendas do traballo ou profesionais	
				Prestacións, subsidio ou pensións	
				Rendas do capital e alugamento	
				Rendas do traballo ou profesionais	
				Prestacións, subsidio ou pensións	
				Rendas do capital e alugamento	
TOTAL DE INGRESOS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA					

* No caso de que unha unidade de convivencia estea formada por máis dunha unidade familiar haberá que cubrir o número correspondente de follas.

** A unidade familiar tal e como resulta definida polas normas reguladoras do IRPF está composta por: a) cónxuxes non separados legalmente e fillos/as menores de idade ou maiores incapacitados xudicialmente ou coa patria potestade prorrogada. b) Pai ou nai solteiro/a, viúvo/a, divorciado/a ou separado/a legalmente e os/as fillos/as menores que con el ou ela convivan, así como os/as fillos/as maiores incapacitados ou coa patria potestade prorrogada. As referencias á unidade familiar para os efectos de ingresos fanse extensivas ás persoas que non estean integradas nunha unidade familiar, así como ás parellas de feito recoñecidas legalmente segundo a normativa establecida ao respecto.

(1) Rendas do traballo ou de actividade profesional, prestacións (pensións, prestacións, subsidios, etc.) e rendas do capital (xuros bancarios, alugamento, etc.)

3. Que a composición da unidade de convivencia e a suma de ingresos económicos, por todos os conceptos, dos membros da unidade de convivencia durante o citado ano, é a seguinte:

NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	
INGRESOS TOTAIS DURANTE O ANO (SUMA DAS CANTIDADES INDICADAS NO CADRO DO PUNTO 2)	
RETENCIÓN A CONTA DO IRPF	
COTAS Á SEGURIDADE SOCIAL OU MUTUALIDADES	

4. Todos os datos contidos nesta declaración son certos e exactos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas cales estivese de alta no devandito exercicio.			
<input type="checkbox"/> Certificado de pensións ou prestacións periódicas, emitido polo correspondente organismo oficial, no caso de non ser outorgadas polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS).			
<input type="checkbox"/> Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario.			

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de



Instituto Galego da Vivenda e Solo


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO IV

**COMUNICACIÓN DE CESIÓN DE DEREITOS DE COBRAMENTO
VI435A. SUBVENCIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021**

DATOS DA PERSOA BENEFICIARIA

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA PERSOA VENDEDORA DA VIVENDA

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A persoa beneficiaria da subvención tramitada co número de expediente cede á persoa vendedora o seu dereito ao cobramento daquela.

O importe cedido á persoa cesionaria ascende á cantidade de euros.

DATOS BANCARIOS DA PERSOA VENDEDORA DA VIVENDA

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA (1)	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

(1) O/a titular da conta debe coincidir coa persoa vendedora, que se compromete a manter aberta ata o final do proceso de xestión da axuda.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

Documento polo que se formalizou a cesión do dereito de cobramento da subvención.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa vendedora.	<input type="checkbox"/>
NIF da entidade vendedora.	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante da vendedora.	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT da persoa vendedora.	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social da persoa vendedora.	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Atriga da persoa vendedora.	<input type="checkbox"/>



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA**ANEXO IV**
(continuación)**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á cal se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

SINATURA DA PERSOA BENEFICIARIA OU REPRESENTANTE**SINATURA DA PERSOA VENDEDORA OU REPRESENTANTE**

--	--

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--



Instituto Galego da Vivenda e Solo

INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>